

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Xosé Baamonde
Alberto Pena Rodríguez
Paulino Pérez Feijóo
Xabier Martínez Rolán
Diana Ramahí
Juan Manuel Corbacho
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén
María Isabel Míguez
Mónica Valderrana Santomé
José Rúas Araujo
Montse Vázquez Gestal

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Pedro Pablo Gutiérrez
Carmen López de Aguilera
Julinda Molares
Miriam Raposeiras
David Formoso

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 3 de setembro de 2018, convocada para as 11:30h en primeira convocatoria e ás 12:00h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 3 de setembro de 2018, ás 12:00h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

1. Aprobación, se procede, da actas anteriores:

- Acta do Consello Ordinario celebrado o 6 de maio de 2018.

- Acta do Consello Extraordinario celebrado o 2 de xullo de 2018.

Apróbanse.

2. Informe do Director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araújo, informa que a premura deste primeiro consello ven motivado por dúas cuestións:

A) A aprobación de varias invitacións para que o profesorado invitado poida empezar a próxima semana as súas clases

B) Bolsa de Colaboración de departamento: na convocatoria establécese que o prazo de presentación de solicitudes é o 18 de setembro e tendo en conta o artigo 9.1 (Parágrafo 2):

“Se completará el proceso electrónico de presentación de la solicitud acompañando a través de la página web, mediante imagen legible (escaneada o fotografiada) y en fichero formato pdf la plantilla facilitada por la aplicación informática con un esquema del proyecto de colaboración y la evaluación del mismo por el departamento, hasta el 18 de septiembre de 2018, inclusive. Una vez completado este proceso la solicitud quedará presentada a todos los efectos”

O departamento establece a data do 12 de setembro para a presentación de dito proxecto no departamento, a Comisión Permanente fará a proposta de avaliación que, posteriormente será aprobada en Consello de Departamento o luns 17 de setembro. O director do departamento establece que entre os

critérios a valorar no proxecto de colaboración sería convinte plantexar: introdución dos méritos da produción científica do departamento, colaboración con distintos grupos de investigación do departamento, mantemento e actualización da páxina web, participación nos eventos desenvolvidos polos membros do departamento...

-O director informa ademáis dunha posible colaboración coa Universidade de Puebla en México, pendente de tramitación dende a Universidade para favorecer intercambio de profesorado e alumnado.

- Informa dunha solicitude da Universidade PUCESI de Ecuador de profesores para que impartan docencia no eido da Comunicación. As condicións están pendentes de confirmación.

- Necesidade dun protocolo para cando cheguen becarios, bolseiros, profesores invitados....

3. Designación membros da Comisión Permanente do Departamento:

A elección dun novo equipo directivo establece a renovación da Comisión Permanente do departamento. A posibilidade de cambios nas normativas dos departamentos, plantexa que o relevo se faga nos membros representantes das titulacións do departamento. O director informa que falou cos profesores Xabier Martínez Rolán e Fortunato Rodríguez Fernández, como representantes das titulacións de Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual, respectivamente.

Apróbase

4. Invitacións Profesorado:

Apróbanse as seguintes invitacións:

- Carmen Maíz Bar: 50 horas HC para a materia Dirección de Comunicación pertencentes a profesora María Montero, de baixa por maternidade.

- Carlos López Piñeiro: 45 horas de Teoría e Historia dos Xéneros Audiovisuais: 15 horas HA, 30 horas HB

- Erica Conde: 75 horas da materia Comunicación de Crise (materia completa)

- Laura Vázquez Viaño: 25 horas de Comunicación Alternativa (25HA).

Ademáis Javier Abuín, bolseiro predoutoral, farase cargo de 50 horas HB da materia Dirección de Comunicación.

O profesor Alberto Pena pregunta se este tipo de bolseiros poden facerse cargo da docencia ou actividades docentes do profesorado cando estes vaian de congreso.... O departamento consultará esta posibilidade.

O profesor Martínez Rolán lembra que a profesora María Montero tamén compartía a materia de Campañas de Imaxe e de Relacións Públicas coa profesora Miriam Raposeiras, polo que é preciso verificar se tamén cómpre unha invitación ou se é posible que inicie toda a docencia a profesora Raposeiras. Farase a consulta xa que hai un cambio na tipoloxía de docencia.

5. Rolda de intervencións.

A profesora Mabel Míguez informa que na Secretaria Virtual a súa docencia en Dirección de Comunicación aparece de forma errónea. Solicitarase a súa rectificación.

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 13:00 horas.

En Pontevedra, 3 de setembro de 2018

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal